

<b>CONVOCATORIA</b>	BOPPO 14.05.2025, NÚM. 90
<b>PRAZA/POSTO</b>	UN/UNHA AXUDANTE EN PROGRAMAS DE SUBVENCIÓNS COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A SEN PRAZA PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL "INICIATIVAS COMUNITARIAS 2025-2027"
<b>TIPO</b>	PRIMEIRO EXERCICIO
<b>DATA</b>	14.07.2025

**1. Segundo o artigo 2 da Constitución Española, a Constitución fundaméntase en:**

- a) A disoluble unidade da Nación española, patria común e divisible de todos os españois
- b) A indisoluble unidade da Nación española, patria común e indivisible de todos os españois
- c) A pluralidade da Nación española, patria común e particular de todos os españois
- d) A soberanía nacional que reside no pobo español do que emanan todos os poderes do Estado

**2. Que artigos engloba o Capítulo III do Título I da Constitución Española de 1978?:**

- a) Do artigo 28 ao 42
- b) Do artigo 29 ao 51
- c) Do artigo 39 ao 52
- d) Do artigo 30 ao 52

**3. Segundo o disposto no artigo 4.1 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais serán:**

- a) Adecuados e pertinentes
- b) Obtidos polo responsable directamente do afectado
- c) Exactos e, si fora necesario, actualizados
- d) Íntegros e segredos

- 4. Segundo o artigo 16.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, no caso de que se producira un dano para a saúde dos traballadores, quen se debe encargarse de levar a cabo unha investigación respecto diso, a fin de detectar as causas destes feitos?**
- a) Ao Comité de Seguridade e Saúde
  - b) Ao empresario
  - c) Ao traballador ou os traballadores afectados
  - d) Ao Comité de Seguridade e Saúde e aos Delegados de persoal ou os representantes dos traballadores
- 5. O artigo 48.b) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por traslado de domicilio sen cambio de residencia os funcionarios públicos terán permiso de:**
- a) Catro días
  - b) Tres días
  - c) Cinco días
  - d) Un día
- 6. De acordo co artigo 33.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entre as competencias que o Pleno da Deputación non pode delegar, atópase:**
- a) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria
  - b) A declaración de lesividade dos actos da Deputación
  - c) A formulación dos conflitos de competencias a outras Entidades Locais e demais Administracións Públicas
  - d) A aprobación dos proxectos de obra e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estean previstos nos Orzamentos

7. Segundo o artigo 32.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local a organización provincial responde ás seguintes regras:
- a) O Presidente, os Vicepresidentes, a Xunta de Goberno e o Pleno existen en todas as Deputacións
  - b) O Presidente, o Pleno, a Xunta de Goberno, as Comisións Informativas existen en todas as Deputacións
  - c) O Presidente, os Vicepresidentes, o Pleno, as Comisións informativas, o Secretario e o Interventor existen en todas as Deputacións
  - d) Ningunha das anteriores é correcta
8. Segundo o art. 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito (sinale a resposta incorrecta):
- a) Os actos que limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos
  - b) Os actos que resolvan procedementos de revisión de oficio de disposicións ou actos administrativos
  - c) Os acordos de acumulación dun procedemento a outro co que garde identidade substancial ou íntima conexión
  - d) Os acordos de suspensión de actos, calquera que sexa o motivo desta
9. Segundo o art. 36.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos administrativos, a menos que a súa natureza esixa outra forma máis adecuada de expresión e constancia, producíranse:
- a) Por escrito a través de medios electrónicos
  - b) Por escrito a través de medios non electrónicos
  - c) Por escrito a través de medios electrónicos ou non electrónicos
  - d) Verbalmente

**10. Segundo o art. 37.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as resolucións administrativas que vulneren o establecido nunha disposición regulamentaria:**

- a) Modifican a disposición regulamentaria
- b) Son anulables
- c) Son prioritarias
- d) Son nulas

**11. Segundo o artigo 41.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as administracións poderán establecer a obriga de practicar electronicamente as notificacións para determinados procedementos e para certos colectivos:**

- a) Mediante lei
- b) Regulamentariamente
- c) Mediante orde do órgano encargado de resolver
- d) Mediante orde do órgano encargado de tramitar

**12. Segundo o artigo 41.7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando o interesado fose notificado por distintas canles, tomarase como data de notificación a de:**

- a) Aquela que se realizou por medios físicos
- b) A notificación realizada polo medio solicitado polo interesado
- c) A notificación realizada por medios electrónicos
- d) Aquela que se produciu en primeiro lugar

- 13. En que Título da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas recóllense os recursos administrativos?**
- a) Título VII
  - b) Título IV
  - c) Título V
  - d) Título VI
- 14. De acordo co artigo 107.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a declaración de lesividade de actos anulables non poderá adoptarse unha vez transcorridos:**
- a) Catro anos desde que se notificou o acto administrativo
  - b) Catro anos desde que se ditou o acto administrativo
  - c) Seis meses desde que se ditou o acto administrativo
  - d) Seis meses desde que se notificou o acto administrativo
- 15. Conforme ao artigo 115.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a ausencia da cualificación do recurso por parte do recorrente:**
- a) Suspende en todo caso a tramitación do recurso
  - b) Permite aos interesados a súa subsanación
  - c) Non será obstáculo para a súa tramitación
  - d) O órgano competente para resolver inadmitirá o recurso en base ao establecido no artigo 116 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

**16. De conformidade co establecido no artigo 112 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, as leis poderán substituír o recurso de alzada:**

- a) Por outros procedementos de impugnación, reclamación, conciliación, mediación e arbitraje
- b) Ante órganos colexiados ou comisións específicas sometidos a instrucións xerárquicas
- c) Con respecto aos principios, garantías e prazos que cada lei específica na materia recoñeza a todas as persoas
- d) Todas as anteriores son correctas

**17. De acordo co artigo 114.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa:**

- a) As resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, cando unha lei estableza o contrario
- b) Os convenios ou contratos que non teñan a consideración de finalizadores do procedemento
- c) As resolucións dos procedementos de arbitraje
- d) A proposta de resolución dos procedementos de responsabilidade patrimonial

**18. Tal e como se recolle no artigo 1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, esta lei ten por obxecto regular a contratación do sector público, a fin de garantir que a mesma se axusta aos principios de (sinala a incorrecta):**

- a) Non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores
- b) Publicidade e transparencia dos procedementos
- c) Integridade
- d) Liberdade de pactos

**19. Aos efectos do artigo 3.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, considérase que terán a consideración de administración pública as seguintes entidades:**

- a) Os fondos sen personalidade xurídica
- b) Os consorcios con personalidade xurídica que non se financien maioritariamente con ingresos de mercado
- c) As fundacións públicas
- d) As mutuas colaboradoras coa seguridade social

**20. De acordo co artigo 165 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o orzamento xeral conterá para cada un dos orzamentos que nel se integren:**

- a) Os estados de gastos, nos que se incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas
- b) Un informe de impacto de xénero
- c) As bases de execución do orzamento, modificando o lexislado para comprender preceptos de orde administrativa que requira legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto no orzamento
- d) O estado de consolidación do orzamento

**21. De acordo co establecido no artigo 167.3 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a clasificación por programas constará dos seguintes niveis:**

- a) Primeiro relativo á área de gasto, o segundo á política de gasto, o terceiro aos grupos de programas
- b) Primeiro relativo á política do gasto, segundo á área do gasto e terceiro aos grupos de programas
- c) Primeiro relativo aos grupos de programas, segundo á política dos gastos e terceiro á área do gasto
- d) Primeiro relativo á área do gasto, segundo aos grupos de programas e terceiro á política do gasto

**22. Segundo o artigo 9.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, as bases reguladoras dunha subvención son:**

- a) A convocatoria específica da subvención
- b) As normas xerais que rexen a concesión dun tipo específico de subvención
- c) O regulamento que desenvolve a Lei xeral de subvencións
- d) O órgano administrativo que concede a subvención

**23. Segundo o artigo 9 da Lei 38/2003, do 7 de novembro, xeral de subvencións, as bases reguladoras de cada tipo de subvención publicaranse:**

- a) Exclusivamente no Boletín Oficial do Estado
- b) No Boletín Oficial do Estado ou no diario oficial correspondente
- c) Só no diario oficial correspondente
- d) No Boletín oficial do Estado e en dous xornais de gran circulación no territorio correspondente

**24. Segundo o artigo 41.1 da Lei 38/2003, do 7 de novembro, xeral de subvencións, cal é o órgano competente para esixir do beneficiario ou entidade colaboradora o reintegro dunha subvención?:**

- a) O órgano concedente
- b) O órgano de control financeiro da administración
- c) O tribunal de xustiza
- d) O beneficiario da subvención

**25. De conformidade co establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, salvo disposición expresa en contrario nas bases reguladoras das subvencións, considerarase gasto realizado o que:**

- a) Fora efectivamente realizado dentro do prazo de execución
- b) Fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención

- c) Fora efectivamente pagado con posterioridade á finalización do período de xustificación
- d) Fora efectivamente realizado antes de que finalice o ano natural no que se concedeu a subvención

**26. Segundo o artigo 44.1 da Lei 38/2003, do 7 de novembro, xeral de subvencións, o control financeiro de subvencións exercerase:**

- a) Respecto de beneficiarios e, no seu caso, entidades colaboradoras por razón das subvencións da Administración Xeral do Estado e organismos e entidades vinculados ou dependentes de aquela, outorgadas con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado ou aos fondos da Unión Europea
- b) Respecto de beneficiarios e, en todo caso, entidades colaboradoras por razón das subvencións da Administración Xeral do Estado e organismos e entidades vinculados ou dependentes daquela, outorgadas con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado
- c) Respecto de entidades colaboradoras e, no seu caso, beneficiarios por razón das subvencións da Administración Xeral do Estado, outorgadas con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado ou aos fondos da Unión Europea
- d) Respecto de entidades colaboradoras e, en todo caso, beneficiarios por razón das subvencións da Administración Xeral do Estado e organismos e entidades vinculados ou dependentes

**27. De conformidade co sinalado no artigo 44.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións, o control financeiro de subvencións poderá consistir en:**

- a) O exame de operacións xerais e abstractas relacionadas ou que puidesen afectar as subvencións concedidas
- b) O exame de rexistros contables, contas ou estados financeiros e a documentación que o soporte, de beneficiarios e entidades colaboradoras
- c) A comprobación de aspectos xerais e concretos dunha serie de actos relacionados ou que non puidesen afectar as subvencións concedidas
- d) A comprobación formal dos investimentos financiados

**28. De conformidade co establecido no artigo 4 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, as subvencións que outorgue a Deputación, e no seu caso, os seus organismos dependentes rexeranse pola seguinte normativa:**

- a) Lei xeral de subvencións, nos artigos de carácter básico e na súa normativa básica de desenvolvemento
- b) Lei de subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento
- c) Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra
- d) Todas son correctas

**29. Segundo o art. 5.3 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, a obriga de expedir factura poderá ser cumprida por:**

- a) Os empresarios ou profesionais ou suxeitos pasivos do Imposto sobre o Valor Engadido, mediante a contratación de terceiros aos que encomenden a súa expedición
- b) Os empresarios ou profesionais ou suxeitos pasivos do Imposto de Actividades Económicas, mediante a subcontratación de terceiros
- c) Os terceiros responsables da súa expedición, mediante a subcontratación de empresarios ou profesionais, sempre que estes actúen como suxeitos pasivos do Imposto sobre o Valor Engadido
- d) Os terceiros destinatarios da actividade, mediante a contratación de empresarios ou profesionais dados de alta no Rexistro de Actividades Económicas aos que encomenden a súa expedición

**30. De acordo co disposto expresamente no primeiro parágrafo do art. 11.1 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, como regra xeral establécese que as facturas deberán ser expedidas:**

- a) O día seguinte de realizarse a operación
- b) No momento de realizarse a operación
- c) Dentro do prazo dos 15 días seguintes á realización da operación
- d) Dentro do prazo dos 30 días seguintes á realización da operación

**31. Segundo o art. 13.1 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, poderán incluírse nunha soa factura distintas operacións realizadas en distintas datas para un mesmo destinatario:**

- a) Sempre que as mesmas efectuáranse dentro dun mesmo mes natural
- b) Sempre que as mesmas efectuáranse dentro dos 40 días naturais seguintes
- c) Sempre que as mesmas efectuáranse dentro dos 60 días naturais seguintes
- d) Sempre que as mesmas efectuáranse dentro dun mesmo ano natural

**32. Segundo o art. 227 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, son públicas:**

- a) As sesións do Pleno, en todo caso
- b) As sesións das Comisións Informativas, salvo nos casos previstos no artigo 70.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril
- c) As sesións das Comisións de Goberno cando se convoque a elas aos representantes de asociacións ou entidades aos efectos de escoitar o seu parecer ou recibir o seu informe sobre un tema concreto
- d) As sesións dos órganos complementarios que poidan ser establecidos polo Regulamento Orgánico Municipal, cando así se determine, nos termos que preveña a lexislación e as regulamentacións ou acordos plenarios polos que se rexan

**33. Segundo o art. 232 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, na medida en que o permitan os recursos orzados, o concello poderá subvencionar economicamente a:**

- a) As asociacións para a defensa dos seus intereses sectoriais, sempre que se trate de gastos xerais de funcionamento, dentro do marco dos seus obxectivos estatutarios
- b) As asociacións para a defensa dos seus intereses particulares, sempre que se trate de gastos para as actividades que realicen dentro do marco dos seus obxectivos estatutarios

- c) As asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire aos seus gastos xerais como ás actividades que realicen
- d) As asociacións para a defensa dos seus intereses lexítimos, cando se trate de gastos para as actividades que realicen, sempre que estas se atopen vinculadas ao cumprimento das finalidades que teñen atribuídas no marco dos seus estatutos e garden unha relación directa coa prestación de servizos de competencia municipal

**34. Segundo o recollido no art. 236 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sinala a resposta incorrecta en relación ao Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais:**

- a) É independente do Rexistro Xeral de Asociacións no que, así mesmo, deben figurar inscritas todas elas
- b) Os seus datos serán públicos
- c) Levarase na Secretaría Xeral da Corporación
- d) No prazo de trinta días desde a solicitude de inscrición, e salvo que este houberse de interromperse pola necesidade de achegar documentación non incluída inicialmente, o concello notificará á asociación o seu número de inscrición e a partir dese momento considerarase de alta para todos os efectos

**35. Segundo o artigo 2 do Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración, aos efectos do presente real decreto, entenderase por autoridade sanitaria:**

- a) Administración competente en augas costeiras, no caso das captacións de auga de mar
- b) Administración local ou outra entidade pública ou privada que sexa responsable da xestión da subministración da auga de consumo ou de parte da mesma, ou de calquera outra actividade ligada á subministración

- c) Administración hidráulica competente das comunidades autónomas nas concas comprendidas integramente no ámbito territorial da comunidade autónoma e efectivamente transferidas á mesma.
- d) Administración sanitaria autonómica competente ou outros órganos das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla no ámbito das súas competencias

#### **PREGUNTAS DE RESERVA**

**36. En que artigo da Constitución Española, recoñécese o dereito de Asociación?:**

- a) No artigo 23
- b) No artigo 22
- c) No artigo 20
- d) No artigo 30

**37. As facultades de revisión a que se refire o artigo 110 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non poderán ser exercidas cando por prescripción das accións, polo tempo transcorrido ou por outras circunstancias, o seu exercicio resulte contrario a:**

- a) A relación de confianza, ao interese das partes ou á expectativa de dereitos creada
- b) A proporcionalidade do dano causado, ao interese público ou ao dereito de xentes
- c) A confianza lexítima, ao dereito particular ou aos costumes
- d) A equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares ou ás leis

**38. En base ao establecido no artigo 63.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación á publicación da información relativa aos contratos no perfil do contratante, cal das seguintes informacións non é obrigatoria a súa publicación?:**

- a) O informe de insuficiencia de medios no caso de contrato de servizos
- b) O documento de aprobación do gasto

- c) A xustificación do procedemento
- d) A memoria xustificativa

**39. Segundo o artigo 9.4 da Lei 38/2003, do 7 de novembro, xeral de subvencións, cal dos seguintes requisitos que se deben cumprir adicionalmente para o outorgamento dunha subvención non é correcto?:**

- a) A competencia do órgano concedente
- b) A existencia de crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se derivan da concesión da subvención
- c) A fiscalización previa dos actos administrativos de contido económico, nos termos previstos nas leis
- d) A aprobación do gasto polo órgano concedente

**40. Segundo o artigo 4.3 do Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración, os titulares dos edificios ou locais con actividade pública ou comercial, deberán:**

- a) Aplicar as medidas e controis necesarios para manter a calidade da auga de consumo e que non se deteriore entre a acometida ata a billa, pola falta de limpeza ou mantemento da instalación interior
- b) Identificar ás persoas que non teñen acceso á auga de consumo ou con acceso limitado e os motivos da falta de acceso xa sexa debido a que non teñen acceso á auga de consumo por motivos económicos persoais ou da administración competente
- c) Avaliar as posibilidades de mellora ao acceso á auga dos grupos vulnerables e informar das mesmas ou sobre medios alternativos
- d) Informar sobre mecanismos de acción social ás familias con situacións económicas por baixo do limiar de pobreza

<b>CONVOCATORIA</b>	BOPPO 14.05.2025, NÚM. 90
<b>PRAZA/POSTO</b>	UN/UNHA AXUDANTE EN PROGRAMAS DE SUBVENCÍONS COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A SEN PRAZA PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL "INICIATIVAS COMUNITARIAS 2025-2027"
<b>TIPO</b>	PRIMEIRO EXERCICIO
<b>DATA</b>	14.07.2025

### RESPOSTAS DO TEST

1	B	22	B
2	C	23	B
3	C	24	A
4	B	25	B
5	D	26	A
6	C	27	B
7	A	28	D
8	C	29	A
9	A	30	B
10	D	31	A
11	B	32	D
12	D	33	C
13	C	34	D
14	B	35	D
15	C	<b>RESERVA</b>	
16	A	36	B
17	C	37	D
18	D	38	B
19	B	39	D
20	A	40	A
21	A		

